

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 19 de xaneiro de 2011

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.38 horas do día dezanove de xaneiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, non asistiu, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(31).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(32).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. (30). EXPTE. 1592/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da directora de Ingresos, do 14.01.2011, co informe do Presidente e Secretario do Tribunal Económico Administrativo

do 17.01.2011 e co informe do Interventor Xeral Accidental,, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL” (30).

4. Tarifas.

Epígrafe E) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:

(Suprímese o parágrafo relativo á tributación trimestral)

(Suprímese o parágrafo relativo á tributación mensual)

Por m2 ou fracción e por ano ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
32,07	16,76	14,30	12,54	12,54	4,52 €

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe e) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co ano natural.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación para o exercicio 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3(33).- RESOLUCIÓN CONTRATO PROXECTO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DAS XARDÍNS DO CASTRO. EXPTE. 3415/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 16.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Contratación, e co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 14.01.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a resolución do contrato para a construción das obras do “PROXECTO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DOS XARDÍNS DO CASTRO”, adxudicado á mercantil EXCONSA, S.L., en resolución de data 28 de maio de 2010.

2º.- Devolver a garantía definitiva do contrato constituída por EXCONSA, S.L., mediante aval 00254851 do Banco Pastor por importe de 14.605 €.

3º.- Arquivar o expediente de incautación da fianza definitiva do citado contrato constituída por EXCONSA, S.L., mediante aval 00254851 do Banco Pastor por importe de 14.605 €.

4(34).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SIMCO S.L. EXPTE. 4052/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.01.2011, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Admitir o recurso especial de revisión interposto por Isidro costas Piñeiro, en nome e representación de SIMCO, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 4 de setembro de 2010.

2º.- Deixar sen efecto o punto 1º da resolución da Xunta de Goberno Local, de data 5 de agosto de 2010, no que se acorda “Inadmitir o recurso especial en materia de contratación interposto por Isidro costas Piñeiro, en nome e representación de SIMCO, S.L., (...) por resultar extemporáneo”.

3º.- Desestimar o recurso especial en materia de contratación interposto por Isidro costas Piñeiro, en nome e representación de SIMCO, S.L., mediante escrito con data de entrada no

Rexistro xeral deste Concello de 9 de xullo de 2010, polas razóns expostas no punto 4º do corpo deste escrito.

4º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de Parques Forestais.

5º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa” .

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.40 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.